

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CALDAS DE REIS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DIRIXIDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS, FORMACIÓN PROFESIONAL OU ESCOLAS PÚBLICAS DE ADULTOS PARA O CURSO 2015/2016 EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

1.—*Obxecto da subvención*

Constitúe obxecto da presente convocatoria facilitar o desprazamento dos veciños/as de Caldas de Reis que cursan estudos en centros universitarios, de formación profesional ou en Escolas Públicas de Adultos da Comunidade Autónoma Galega a través da cofinanciamento do custe do servizo de transporte.

Poderán beneficiarse da subvención aqueles estudantes que diariamente realicen o percorrido desde Caldas de Reis ás localidades Pontevedra, Santiago de Compostela ou Vigo, ida e volta, do luns ao venres e aqueles que o realicen os fins de semana cara a vila de Caldas de Reis e viceversa, utilizando o servizo de autobuses prestado pola entidades de transporte público que sexan autorizadas polo Concello, previa sinatura dun Convenio de colaboración, segundo detalle do Anexo I.

Na solicitude indicaranse á modalidade de bono solicitado (desprazamento diario ou de fin de semana) así como á elección da entidade transportista coa que se efectuarán os desprazamentos. A elección dunha ou doutra compañía coa que se efectúen os desprazamentos non poderá ser obxecto de cambio polo beneficiario, salvo nos supostos de modificación de rutas e horarios, sempre que sexa autorizado polo Concello, previa verificación da concorrencia de ditas circunstancias.

O período incluído a efectos desta subvención abrangue desde o 1/11/2015 ao 31/12/2015.

Para o período que vai do 1/01/2016 ao 30/06/2016, o concello abrirá unha nova convocatoria onde terán carácter prioritario os adxudicatarios aos que se lles concedesen as axudas obxecto da presente convocatoria.

2.—*Importe das axudas e financiamento*

Os beneficiarios desta liña de axudas disfrutarán dun desconto de entre o 47% e o 54% no custe dos billetes do servizo de autobús.



As entidades prestadoras do servizo participarán no desconto nunha porcentaxe do 30%–34% nos bono de desprazamento diario e 20%–25% no bono de desprazamento de fin de semana, correspondendo ao Concello o financiamento do importe restante.

O importe máximo polo periodo comprendido entre novembro e decembro de 2015 da achega municipal ascende á contía de 2.700 €, existindo crédito dispoñible na aplicación 326 482.00 para facer fronte a achega municipal correspondente ao exercizo 2015.

3.—Beneficiarios/as

Poderán solicitar estas axudas os veciños/as do Concello de Caldas de Reis que realicen desprazamentos as localidades de Santiago de Compostela, Vigo ou Pontevedra, para asistencia aos centros universitarios, estudos universitarios, de formación profesional ou Escolas públicas de adultos nos que estean cursando os seus estudos.

Poderán solicitar acollerse á presente convocatoria os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a residencia no Concello de Caldas de Reis. O cumprimento deste requisito (empadramento) comprobarase de oficio polo Concello.
- Estar matriculados en formación universitaria ou ciclos de formación profesional de grao medio o superior, en centros oficiais públicos, ou privados ou nas Escolas Públicas de Adultos, que teñan a súa sede e, polo tanto, se impartan as ensinanzas na Comunidade Autónoma Galega.

A formación á que se fai mención queda referida a titulacións oficiais universitarias, ciclos de formación profesional de grao medio ou superior e Escolas Públicas de Adultos. Se inclúen os master e doutorados realizados en universidades públicas galegas, excluíndose desta subvención outras formacións como expertos en materias determinadas, oposicións e outras análogas.

Así mesmo, se exclúen aquelas formacións que foran obxecto de matriculación para o seu desenvolvemento por vía on line ou non presencial.

- No estar incurso o solicitante en algunha de las situacións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvenciones, que imposibilite a obtención polo solicitante da condición de beneficiario de subvención pública.
- Non ser perceptor de ningunha outra axuda ao transporte concedida por organismo público ou privado.



4.—Solicitud e documentación adicional

Los interesados cumprimentarán unha instancia de solicitud conforme ao modelo que figura no Anexo II da presente convocatoria, e que incorpora as seguintes declaracións responsables:

- Declaración de que non se solicitaron ou lles foron concedidas outras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración, ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitud.
- Declaración de non estar incurso en causa algunha de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
- Declaración de non ter pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

Na solicitud farase constar á elección da entidade transportista e modalidade de bono.

Dita instancia poderá retirarse no departamento de Cultura e Xuventude do Concello. Ademais, tanto a convocatoria como a solicitud estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Caldas de Reis (www.caldasdereis.com)

A instancia irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, de quen actúe no seu nome. No caso de cidadán estranxeiros deberá achegarse copia compulsada do documento oficial que acredite a residencia en España.
- Documentación matrícula (orixinal ou copia compulsada): Certificación da matrícula na Universidade ou centro de formación profesional con expresión do curso 2015/2016. Dita certificación deberá vir acompañada da documentación acreditativa do pago do importe correspondente á taxa (do primeiro prazo nos supostos de fraccionamento) ou solicitud de beca.

Os alumnos que non dispoñan da matrícula deberán facer constar dita circunstancia, con explicación das circunstancias que lle impiden dispoñer da mesma, debendo achegar copia compulsada de dita documentación (matrícula e resgardo pago/solicitud beca) tan pronto como poidan dispoñer da mesma e, en todo caso, na data límite do 26/10/2015. A presentación de dita documentación despois de do 26/10/2015 suporá a denegación da concesión de subvención. Poidendo volver a solicitar as axudas na convocatoria



5.—Presentación das solicitudes

As persoas interesadas poderán solicitar as subvencións ata o 15 de outubro de 2015.

Respecto dos alumnos que non dispoñan da matrícula na data de formalización da solicitude, deberán achegar o resto da documentación esixida, xunto co escrito explicativo desta circunstancia, no prazo referido no parágrafo anterior. Tan pronto como dispoñan da matrícula e, en todo caso, antes do 26/10/2015, deberán achegar resgardo acreditativo da formalización da matrícula e xustificante do pago ou solicitude de beca.

As solicitudes e documentación adicional presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A presentación da solicitude leva aparellada a aceptación da subvención, no caso de que a mesma sexa concedida.

6.—Instrución e resolución do procedemento

Establécese como Órgano Instrutor o Informador Xuvenil do Concello de Caldas de Reis.

O Órgano Colexiado encargado de formular a proposta de resolución estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta: Concelleira delegada de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes.
- Vocais:
 - o Concelleira delegada de Asociacionismo, Medio Ambiente, Parques e Xardíns
 - o Concelleiro delegado de Obras, Medio Rural, Persoal e Novas Tecnoloxías
 - o Técnica de Cultura do Concello de Caldas de Reis.
- Secretario/a: Tesoureiro municipal.

O Órgano Colexiado examinará cada unha das solicitudes presentadas, e formulará a correspondente proposta de adxudicación.



A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes que reunindo os requisitos e presentando a totalidade da documentación esixida, propónse a concesión de subvención.

Respecto daqueles estudantes que non aporten copia da matrícula formularase proposta de concesión unha rematado o prazo para presentación da mesma.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Alcalde-Presidente, previa proposta do Órgano Colexiado designado ao efecto, de acordo cos seguintes criterios de avaliación ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos/as solicitantes

7.—*Concesión das axudas*

Os solicitantes que reúnan os requisitos esixidos resultarán beneficiarios da axuda obxecto da presente convocatoria.

No caso de que as solicitudes presentadas superen o crédito orzamentario atenderase ao orde de presentación das mesmas, sempre que a solicitude vaia acompañada do resguardo da matrícula para o curso 2015/2016, achegado dentro do prazo ordinario para presentación da solicitude (antes do 15 de outubro de 2015).

Unha vez determinados os beneficiarios, a retirada do bono correspondente axustarase ao procedemento detallado no anexo III.

A concesión destas axudas non será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, destinado a financiamento de axuda de transporte doutro organismo público ou privado.

8.—*Notificación*

A resolución da concesión será notificada ao/á interesado/a no prazo dun mes unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

9.—*Obrigas dos/as beneficiarios/as*

- Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello.
- Comunicar ao Concello a obtención doutras axudas para o financiamento do gasto subvencionable, así coo calquera alteración das condicións tidas en cona para o outorgamento da subvención.



- Proceder ao reintegro da contía da axudas concedidas e efectivamente aplicadas, nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

10.— Xustificación e pago

O pago realizarase directamente á entidade/es prestadora/as do servizo de autocar coa/as que o concello teña suscrito o correspondente convenio para xestión deste programa.

11.—Reintegro de subvencións

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades concedidas e efectivamente aplicadas, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

12.—Normativa aplicable

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como na Ordenanza, Xeral de Subvencións do Concello de Caldas de Reis (BOP nº 183, 22/09/2005), e resto da lexislación de Réxime Local reguladora das subvencións públicas e de procedemento administrativo.

13.—Protección de datos

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas o serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas. Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal, os interesados poderán exercer o seu dereito de rectificación, oposición, acceso ou cancelación, conforme ao procedemento previsto na norma referida.



ANEXO I. ENTIDADES TRANSPORTISTAS, HORARIO E PREZOS.

DONADO CAMPOS S.L. ("LA ESTRADENSE")

PREZOS:

CARNET MENSUAL (de luns a venres):

DESTINO	Prezo usuario/MES
CALDAS - PONTEVEDRA	45,00 €

HORARIO:

CALDAS - PONTEVEDRA		PONTEVEDRA - CALDAS	
Luns a venres		Luns a venres	
	7:15		8:00
	8:10		9:45
	8:55		10:50
	9:55		12:00
	10:20		13:15
	13:25		14:15
	15:50		17:00
	19:10		19:10
			20:00

CASTROMIL S.A.

PREZOS

CARNET MENSUAL de luns a venres):

DESTINO	PREZO USUARIO/MES
CALDAS - SANTIAGO	73,30 €
CALDAS - PONTEVEDRA	45,95 €
CALDAS - VIGO	113,40 €
CARRACEDO - SANTIAGO	61,60 €
CARRACEDO - PONTEVEDRA	57,70 €
CARRACEDO - VIGO	125,10 €
ARCOS - SANTIAGO	77,25 €
ARCOS - PONTEVEDRA	42,05 €
ARCOS - VIGO	97,75 €
TIVO - SANTIAGO	77,25 €
TIVO - PONTEVEDRA	42,05 €
TIVO - VIGO	97,75 €

BONOS 20:

DESTINO	PREZO TALONARIO
CALDAS - SANTIAGO	37,50 €
CALDAS - PONTEVEDRA	23,50 €
CALDAS - VIGO	58,00 €
CARRACEDO - SANTIAGO	31,50 €
CARRACEDO - PONTEVEDRA	29,50 €
CARRACEDO - VIGO	64,00 €
ARCOS - SANTIAGO	39,50 €
ARCOS - PONTEVEDRA	21,50 €
ARCOS - VIGO	50,00 €
TIVO - SANTIAGO	39,50 €
TIVO - PONTEVEDRA	21,50 €
TIVO - VIGO	50,00 €



HORARIOS	
CALDAS - PONTEVEDRA	PONTEVEDRA - CALDAS
Luns a venres	Luns a venres
6:32	6:45
7:40	9:15
9:45	11:30
10:50	13:55
13:15	15:15
16:15	17:30
19:45	21:00
Fin de semana	Fin de semana
10:50	8:00
12:45	11:30
18:50	14:00
20:45	18:30
	21:00

CALDAS - VIGO	VIGO - CALDAS
Luns a venres	Luns a venres
6:32	6:45
7:40	9:15
9:45	11:30
10:50	13:55
13:15	15:15
16:15	17:30
19:45	21:00
Fin de semana	Fin de semana
10:50	8:00
12:45	11:30
18:50	14:00
20:45	18:30
	21:00

CALDAS - SANTIAGO	SANTIAGO - CALDAS
Luns a venres	Luns a venres
7:15	6:50
9:45	9:00
12:00	10:00
14:25	12:30
15:45	15:30
18:00	19:00
21:00	
Fin de semana	Fin de semana
8:30	10:00
12:09	12:00
14:30	18:00
19:00	20:00
21:30	



ANEXO II. SOLICITUDE

SOLICITUDE AXUDA TRANSPORTE ESTUDANTES 2015/2016 1ª CONVOCATORIA (MESES NOVIEMBRE E DECEMBRO/2015)

Datos do solicitante

Nome e apelidos

Domicilio

Localidade

Código Postal

N.I.F.

Teléfonos de contacto

Data de nacemento

Correo electrónico

Datos do representante legal (para solicitantes menores de idade)

Nome e apelidos

Domicilio

Localidade

Código Postal

N.I.F.

Teléfonos de contacto

Data de nacemento

Datos dos Estudos que realiza:

Centro no que está matriculado:

Estudios que realiza

Curso

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura dunha liña de axudas para estudantes con domicilio en Caldas de Reis,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que non estou incurso en ningunha das circunstancias, que impiden a obtención da condición de beneficiario de subvención, referidas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non percibo axuda ao transporte de ningún outro organismo público ou privado.

e SOLICITO:

A concesión de axuda para **transporte - curso 2015/2016** na modalidade de:

Bono diario

Recorrido: de..... a

Bono fin de semana

EMPRESA:

Para o cal achego a seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

Fotocopia DNI do solicitante

Certificación matrícula.

(e representante legal para menores idade).

Xustificante de pago da matrícula

Outras:.....

En, a dede.....

O solicitante

O representante legal (para menores de idade)

Asdo.:

Asdo.:



ANEXO III. TIPOS DE BONOS E PROCEDEMENTO PARA DISFRUTE DOS MESMOS POLOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

1º: O Concello porá a disposición dos beneficiarios dúas modalidades de bono. Unha que implica dúas viaxes diarias (ida e volta) que se denomina Bono Mensual e outra, que se denomina Bono Semanal, que implica dúas viaxes (ida e volta) por semana. Os beneficiarios, na solicitude, deberán indicar cal das dúas opcións é a elixida.

- Bono Mensual, deberá retirarse antes do día 1 de cada mes e terá a validez do mes, non podendo nin fraccionarse e prorrogarse a outro mes. Este bono terá un importe fixo cada mes con independencia dos días lectivos do mesmo.

- Bono Semanal terá unha duración de 10 semanas (20 viaxes), e non terá caducidade durante o curso académico, podendo distribuír as viaxes como o beneficiario estime, pero non podendo realizar máis de dous (un de ida e outro de volta) á semana.

Ambos tipos de bonos son nominais e intransferibles a terceiros.

2º: Unha vez concedido o bono, o Concello porase en contacto coa beneficiario vía SMS indicándolle que o mesmo se atopa á súa disposición na O.M.I.X.

3º: O beneficiario do bono, deberá ingresar o importe do mesmo nun número de conta dunha entidade bancaria indicada ao efecto pola empresa transportista, facendo constar o seu nome e número de bono. Estes datos serán facilitados polo persoal da O.M.I.X.

4º: Co resgardo de efectuar o pago á empresa prestadora do servizo, poderase retirar o bono correspondente na Oficina Municipal de Información Xuvenil.

5º: No caso dos bonos mensuais, se algún beneficiario non desexase retirar o bono correspondente a algún mes, non estará obrigado a facelo, repetíndose o proceso ao mes seguinte.

6º: No caso dos bonos semanais, os usuarios deberán solicitar a renovación do mesmo, poñéndose en contacto coa O.M.I.X. e indicando este feito coa suficiente antelación, pero en calquera caso nunca antes de 8 semanas desde a solicitude do anterior bono.

En Caldas de Reis, a 4 de agosto de 2015.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

